

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso dun recurso de alzada contra a denegación do recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións económicas das persoas dependente falecidas

Expediente: G.6.Q/13022/16

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ..... relativo ao retraso dun recurso de alzada contra a denegación do recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións económicas das persoas dependente falecidas.

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que o 4 de xullo de 2007, ..... solicita ante a Consellería de Traballo e Benestar que se lle recoñeza a situación de dependencia. Por resolución do 21 de decembro de 2007 recoñéceselle un grao III e nivel 2. O 3 de maio de 2009 prodúcese o falecemento. E o 13 de maio de 2009 dítase resolución de aprobación do Programa Individual de Atención (PIA), concedéndolle ao interesado a libranza para coidados na contorna familiar, con data de efectos ao 5 de xullo de 2007, por un importe á data de falecemento de 11.033,34 €. Así mesmo, nesta última resolución determínase que , esposa do solicitante, era a coidadora deste a tempo completo.

..... interesou da consellería o aboamento da prestación recoñecida e, ante esta solicitude, o 25 de febreiro de 2013, a xefa do servizo da consellería require á interesada: "Declaración responsable das persoas herdeiras e Informe Social do Traballador social de servizos sociais comunitarios do domicilio do solicitante". A persoa promotora da queixa fai constar que solicitou o aboamento da prestación recoñecida en dous momentos, dando orixe a dúas resolucións adversas e incompatibles entre si. Denuncia que a administración demora negligentemente a resolución do dereito ás prestacións previamente recoñecidas, utilizando para iso trámites e multiplicidade de procedementos o que ocasiona graves trastornos e gastos a .....

2. Ante iso requirimos información á consellería, que nola remitiu. Á vista do respondido enviamos unha valoración provisional e requirimos da consellería que con urxencia facilitara aclaración. Esta xa recibíuse e sinala o seguinte:

“En relación a seu aspecto formal: A resolución desestimatoria do expediente BS211A-2013/16-1 emítese con data 3 de maio de 2013 e xustificante de notificación o 20 de maio de 2013. O recurso de alzada en contra de dita resolución preséntase con data o 20 de xuño de 2013 e, achégase ao organismo competente para resolver o 25 de xuño de 2013. No caso dos recursos de alzada formulados contra os actos expresos ou presuntos, nos expedientes de recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións económicas dos solicitantes falecidos, o volume de xestión non permite resolver coa axilidade necesaria. O seu recurso de alzada atópase actualmente pendente da emisión da resolución pola secretaria xeral técnica desta Consellería. A este respecto, os recursos administrativos estanse a resolver por estrita orde de entrada en base ao regulado no artigo 74.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En relación a seu aspecto material, a resolución desestimatoria baséase na falta de obxecto de acordo co establecido no artigo 89.2 da Orde do 2 de xaneiro: "Non se xera este dereito cando o/a interesado/a estivese sendo atendido/a, simultaneamente á tramitación do expediente de dependencia, a través dun recurso do Sistema Galego de Servizos Sociais incluído como prestación do catálogo do SAAD." Dito artigo non fai referencia á necesidade de que o servizo recibido teña que ser suficiente para cubrir as necesidades da persoa en situación de dependencia (en intensidade e forma), nin o tempo que o ten que recibir para telo en conta, senón de que haxa sido prestado nalgún momento do período de referencia. Porén, segundo o informe da Xefatura do Servizo do Departamento Territorial de data 12 de marzo de 2013, o SAF prestado foi desde o 1 de outubro de 2007 ata o seu falecemento (1/2 hora diaria de luns a venres).

Non obstante, hai que especificar que, segundo a documentación que consta no expediente, ... non cumpre tódolos requisitos como coidadora que se esixen no artigo 97.1 da Orde do 2 de xaneiro, en relación co artigo 37.2.e: "reunir as condicións de afiliación, alta e cotización á Seguridade Social na forma establecida no Real decreto 615/2007, do 11 de maio, polo que se regula a Seguridade Social dos/as coidadores/as das persoas en situación de dependencia." (refírese as cotizacións asimilables ao alta referidas no artigo 2.2 de dito real decreto)”.

## ANÁLISE

1. Tal e como mencionamos na valoración provisional, a consellería arquivou o procedemento de dependencia, pero o procedemento de compensación aos familiares da persoa dependente polo retraso sufrido permanece aberto e sen resposta definitiva (ao recurso de alzada). A consellería alega que os recursos se resolven por orde de entrada, que aínda se atopa pendente (promovido o 20/6/13 contra a resolución do 3/5/13), e que

o volume de xestión destes recursos non permite resolver coa axilidade necesaria. O retraso é moi considerable, posto que o recurso é de hai case catro anos, polo que debера resolverse en breve.

Iso trae como consecuencia que non se resolva sobre os argumentos de fondo aportados polo afectado, salvo que promova o recurso xudicial correspondente, o que contradí o dereito subxectivo ao recurso e a obriga da administración a dar unha resposta expresa en prazo. Xa noutras ocasións subliñamos que deberan adoptarse medidas para evitar os retrasos.

2. No relativo ao aspecto material, a causa da denegación é que o interesado foi atendido simultaneamente á tramitación do expediente de dependencia a través dun recurso do Sistema de Servizos Sociais (SAF municipal por libre concorrencia). O SAF prestouse desde o 1 de outubro de 2007 ata o falecemento media hora diaria de luns a venres (dúas horas e media a semana, mais ou menos dez ao mes). Como sinalamos na valoración, iso non parece ser motivo para excluír a compensación, sobre todo cando resulta claro que a propia consellería competente chegara á conclusión de que debería conceder a prestación económica solicitada e os seus atrasos, cuantificados en 11.033,34 €. Ambas as cousas recoñeceráanse ao marxe do servizo que se recibía de forma libre polo concello.

3. O que se pretende co establecemento do procedemento de recoñecemento do dereito á efectividade das prestacións económicas dos solicitantes falecidos durante a tramitación da dependencia é a substitución da reclamación ordinaria, evitándoa e simplificando a reclamación ante casos claros de responsabilidade. Ese procedemento é alternativo a reclamación de responsabilidade ou a vía xudicial. E nesas vías non parece que se fora a considerar como eximente da responsabilidade unha atención como a que se menciona, que non coincide co dereito proposto e recoñecido no marco do sistema de dependencia.

4. O mesmo pode dicirse da outra causa aludida, a falta de afiliación á Seguridade Social. A esixencia pola que denégase a compensación atópase na orde de desenvolvemento do procedemento, pero non parece razoable. Naqueles momentos os custos da Seguridade Social eran asumidos pola administración, sen que tivera que cotizar o coidador ou coidadora, polo que a alta e o pago da propia administración (do Estado) tiña efectividade cando aprobábase o PIA correspondente, cousa que non se deu.

A meirande parte dos casos de retrasos e reclamacións para compensación por falecemento sen PIA débense a propostas para prestación económica por coidados na contorna familiar; e a meirande parte dos coidadores non se deron de alta na Seguridade Social precisamente polo retraso no recoñecemento desa condición mediante o PIA.

5. A persoa dependente tiña concedido o grado III e nivel 2, o máximo. Dende a súa solicitude, o 4 de xullo de 2007, ata o seu falecemento, o 3 de maio de 2009, non se dera o PIA, a pesar da preferencia das persoas con gran dependencia (art. 3.1 g) LD). Aprobouse finalmente o 13 de maio de 2009, aínda que sen efectividade polo falecemento, razón pola cal procede a solicitude de compensación, posto que en caso contrario a beneficiaria do retraso sería a propia administración.

6. A persoa que promove a queixa demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados físicos, sensoriais e psíquicos, aos que prestarán a atención especializada que requiran e os amparará especialmente para o goce dos dereitos que este Título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se resolva o recurso de alzada pendente promovido contra a denegación dunha compensación polo falecemento dunha persoa con dependencia, sen atención e co seu expediente retrasado, posto que se atopa demorado, de acordo cos prazos previstos; e que con carácter xeral se resolva o retraso dos recursos;*

*Que se resolva tendo en conta que as razóns denegatorias do acto recorrido non parecen adecuadas, xa que o servizo prestado por libre concorrencia foi mínimo e claramente insuficiente para unha persoa con grado e nivel máximo de dependencia (gran dependente), e a alta previa na Seguridade Social desvirtúa a finalidade do procedemento especial creado para compensar a falta de atención á dependencia de persoas falecidas;*

*E que se ese órgano considera que non é posible actuar desa forma coa presente orde, entón promova a modificación das previsións que considere para facilitar a actuación recomendada.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da

aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdao atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo